# Concello de Lourenzá

## ACTA

| Expediente núm.: | Órgano colexiado: |
|---|---|
| JGL/2018/8 | La Junta de Gobierno Local |

| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | |
|---|---|
| **Tipo Convocatoria** | Extraordinaria |
| **Data** | 29 de maio de 2018 |
| **Duración** | Desde as 10:15 ata as 11:45 horas |
| **Lugar** | Despacho da Alcaldía |
| **Presidida por** | Rocío López García |
| **Secretario** | Begoña González Pedregal |

| ASISTENCIA Á SESIÓN | | |
|---|---|---|
| **DNI** | **Nome e Apelidos** | **Asiste** |
| 77595025V | Carlos Rivas Rivas | NON |
| 71865319W | Manuel Arango Ron | SÍ |
| 77593740C | Mercedes Dengra Sixto | SÍ |
| 76580879X | Rocío López García | SÍ |
| **Escusas de asistencia presentadas:**<br>1. Carlos Rivas Rivas:<br>«motivos laborais» | | |

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

## A) PARTE RESOLUTIVA

Rocío López García (1 para 2)
Alcaldesa
Data de Sinatura: 07/06/2018
HASH: b080ad9e3af100bdb27d7e952d5bd093

Begoña González Pedregal (2 de 2)
Secretaria - Interventora
Fecha Firma: 07/06/2018
HASH: f60cf0272b006c4d74299ad98677b948

| APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR DE 27/04/2018. | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Preguntados os membros da Corporación, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular ó borrador da acta da sesión anterior de data vinte e sete de abril do dous mil dezaoito (27/04/2018), e non habendo nada, o borrador da acta foi aprobado por unanimidade dos presentes.

| Expediente 265/2018. LICENCIA URBANÍSTICA. AMPLIACIÓN EDIFICACIÓN Dª ROSA Mª RECALDE EXPÓSITO. | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a solicitude presentada por Dª. Mª ROSA Mª RECALDE EXPÓSITO, con DNI. Núm. 76.565.737W con domicilio en Penelas núm. 6 da Parroquia de San Adriano deste Termo Municipal, con data 05/04/2018 e núm. 583 de rexistro de entrada, quen solicita permiso para AMPLIACIÓN DE EDIFICIO DESTINADO A VIVENDA no lugar de Penelas, núm. 6, (San Adriano) con referencias catastrais da edificación número 000502400PJ40H0001RZ e das parcelas: 27027C008026280001FI E 27027C008026280000DU segundo proxecto técnico redactado polo Arquitecto D. Carlos Centenera Baños, colexiado núm. 597 do C.O.A.G. con visado electrónico núm. 1801633.2 de 28/03/2018.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 20/04/18 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas. Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.
- Número máximo de planta 2=B+1.
- Cubertas: Pendiente máxima 30º- Altura de cumbrera 3,60 m. máximo.
- Retranqueos: Manteranse as aliñacións existentes.
- A ordenanza de aplicación solo non urbanizable de núcleo rural permite o uso residencial de vivenda unifamiliar illada ou adosada, Sección 4ª, art. 347 das NSPM.

Previo ao inicio das obras deberanse entregar os oficios de nomeamento de dirección de execución material da obra e coordinador de seguridade durante a execución, todo elo visado polo Colexio Oficial correspondente.

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 24 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar mil trescentos setenta e cinco euros con dous céntimos (1.375,02.-) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en corenta e cinco mil oitocentos trinta e catro euros con catorce céntimos (45.834,14-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 351/2018. APERTURA ESTABLECEMENTO PELUQUERÍA Dª Mª MERCEDES VEIGA FERNÁNDEZ**

| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto o expediente tramitado a instancia de Dª. Mª MERCEDES VEIGA FERNÁNDEZ con NIF 34.880.172M, con domicilio en Avda. Fernández del Riego, núm 5, 3º A, da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal quen solicita a regulamentaria licencia para abrir ao público un establecemento que haberá de dedicarse á actividade de Peluquería, cuxo local está situado na Avda. de Mondoñedo, núm. 2, baixo da Parroquia de Santa María deste termo municipal.

Cumpridos os trámites esixidos e resultando acreditado o dereito da licencia que se pretende, a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria por unanimidade, ACORDA:

Conceder a licencia que se solicita así como aprobar a liquidación das taxas municipais, que figura no expediente, cuxo importe ascenderá á cantidade de setenta e oito euros con dezaoito céntimos (78,18), que deberá ser ingresada previamente en arcas municipais, sen cuxo requisito a licencia non terá efecto algún.

**Expediente 356/2018. Licenza de Actividade. D. PAULINO GONZÁLEZ DIAZ. ALBERGUE**

| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto o expediente tramitado a instancia de D. PAULINO GONZÁLEZ DIAZ con NIF 33.323.707L, con domicilio en Román, núm 8, do Termo Municipal de Villalba quen solicita a regulamentaria licencia para abrir ao público un establecemento que haberá de dedicarse á actividade de Albergue, cuxo edificio está situado na Avda. de Mondoñedo, núm. 26, da Parroquia de Santa María deste termo municipal.

Cumpridos os trámites esixidos e resultando acreditado o dereito da licencia que se pretende, a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria por unanimidade, ACORDA:

Conceder a licencia que se solicita así como aprobar a liquidación das taxas municipais, que figura no expediente, cuxo importe ascenderá á cantidade de setenta e oito euros con dezaoito céntimos (78,18), que


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

deberá ser ingresada previamente en arcas municipais, sen cuxo requisito a licencia non terá efecto algún.

**Expediente 1040/2017.- ACEPTACIÓN CESIÓN FINCAS AGADER.**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

**005/A) ESCRITO DO AGADER REFERENTE Á SOLICITUDE (EXPEDIENTE ALL20072700460) PRESENTADA POR ESTE CONCELLO PARA A TRANSMISIÓN EN PROPIEDADE, A TÍTULO GRATUITO, DA FINCA REFERENCIA CATASTRAL NÚM. 27027C010034120000DP, PARCELA 3412 DEL POLÍGONO NÚM.10 DE LA ZONA DE CONCENTRACIÓN DE LOURENZÁ SUR E ADOPCIÓN DO ACORDO QUE PROCEDA.**

Visto o escrito presentado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) de data 20/04/2018, con núm. 2850 de rexistro de saída, que tivo entrada nas oficinas municipais o día 23/04/2018, sendo rexistrada de entrada co núm. 728 e polo que se require documentación no Procedemento: "Dereito de petición: Transmisión en propiedade, a título gratuíto, dun ben inmoble", Expediente núm. ALL20072700460, Parcela con Referencia Catastral Núm.27027C010034120000DP, lugar de Santo Estevo, parroquia de San Xurxo e na seguinte ubicación:

| PROVINCIA | CONCELLO | ZONA | POLÍGONO | PARCELA |
|---|---|---|---|---|
| LUGO | LOURENZÁ | SUR | 10 | 3412 |

A Xunta de Goberno Local, co fin de dar conformidade ó carácter social da actividade, en votación ordinaria e por unanimidade dos tres concelleiros presentes na sesión sendo o seu número legal de catro, ACORDOU:

PRIMEIRO.- Garantir que, unha vez sexa cedida en propiedade ó concello de Lourenzá a parcela núm.3412 do Polígono 10 da Zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá Sur (Lourenzá), con referencia catastral número 27027C010034120000DP (finca), o concello será garante do seu uso de carácter social en beneficio da Comunidade, destinándoo a crear un espazo de respecto en torno a capela de Santo Estevo, na parroquia de San Xurxo (Lourenzá) contribuíndo, polo tanto, á xestión e seguimento das políticas públicas no ámbito social en xeral e no medio rural en particular, de conformidade co disposto no artigo 6.1 da Lei 6/2011 de 13 de outubro, de "Mobilidade de Terras", así como os obxectivos do artigo 6.2 do mesmo corpo legal, concretamente os sinalados no apartado d) de dito artigo.

SEGUNDO.- Especificar que dito inmoble pretende adquirirse con carácter demanial a efectos da súa inscrición no Rexistro da Propiedade así


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

como a súa incorporación ó Patrimonio Público do Solo.

TERCEIRO.- Asumir que serán a cargo do Concello, os costos de outorgamento das escrituras públicas de formalización da cesión de ditas fincas así como os impostos derivados da transmisión incluído, no seu caso, ó do incremento do valor dos terreos

CUARTO.- Achegar certificación do presente acordo á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) para o seu coñecemento e efectos oportunos.

QUINTO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para levar a bo fin o presente acordo.

**005/B) ESCRITO DO AGADER REFERENTE Á SOLICITUDE (EXPEDIENTE ALL20072700435) PRESENTADA POR ESTE CONCELLO PARA A TRANSMISIÓN EN PROPIEDADE, A TÍTULO GRATUITO, DA FINCA REFERENCIA CATASTRAL NÚM. 27027C010032670000DJ, PARCELA 3267 DEL POLÍGONO NÚM.10 DE LA ZONA DE CONCENTRACIÓN DE LOURENZÁ SUR E ADOPCIÓN DO ACORDO QUE PROCEDA.**

Visto o escrito presentado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) de data 20/04/2018, con núm. 2851 de rexistro de saída, que tivo entrada nas oficinas municipais o día 23/04/2018, sendo rexistrada de entrada co núm. 727 e polo que se require documentación no Procedemento: “Dereito de petición: Transmisión en propiedade, a título gratuíto, dun ben inmoble”, Expediente núm. ALL20072700435, Parcela con Referencia Catastral Núm.27027C010032670000DJ,lugar de Tarreos, parroquia de Santo Tomé e na seguinte ubicación:

| PROVINCIA | CONCELLO | ZONA | POLÍGONO | PARCELA |
|---|---|---|---|---|
| LUGO | LOURENZÁ | SUR | 10 | 3267 |

A Xunta de Goberno Local, co fin de dar conformidade ó carácter social da actividade, en votación ordinaria e por unanimidade dos tres concelleiros presentes na sesión sendo o seu número legal de catro, ACORDOU:

PRIMEIRO.- Garantir que, unha vez sexa cedida en propiedade ó concello de Lourenzá a parcela núm.3267 do Polígono 10 da Zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá Sur (Lourenzá), con referencia catastral número 27027C010032670000DJ (finca), o concello será garante do seu uso de carácter social en beneficio da Comunidade, destinándoo a incorporación do espazo á Área Recreativa xa existente ao carón do paseo fluvial do Río Baos parroquia de Santo Tomé-Lourenzá), na forma de aparcadoiro, contribuíndo, polo tanto, á xestión e seguimento das políticas públicas no ámbito social en xeral e no medio rural en particular, de conformidade co disposto no artigo 6.1 da Lei 6/2011 de 13 de outubro, de “Mobilidade de Terras”, así como os obxectivos do artigo 6.2 do mesmo corpo legal, concretamente os sinalados no apartado d) de dito artigo.

SEGUNDO.- Especificar que dito inmoble pretende adquirirse con carácter demanial a efectos da súa inscrición no Rexistro da Propiedade así



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

como a súa incorporación ó Patrimonio Público do Solo.

TERCEIRO.- Asumir que serán a cargo do Concello, os costos de outorgamento das escrituras públicas de formalización da cesión de ditas fincas así como os impostos derivados da transmisión incluído, no seu caso, ó do incremento do valor dos terreos

CUARTO.- Achegar certificación do presente acordo á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) para o seu coñecemento e efectos oportunos.

QUINTO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para levar a bo fin o presente acordo.

**005/C)ESCRITO DO AGADER REFERENTE Á SOLICITUDE (EXPEDIENTE ALL20072700450) PRESENTADA POR ESTE CONCELLO PARA A TRANSMISIÓN EN PROPIEDADE, A TÍTULO GRATUITO, DA FINCA REFERENCIA CATASTRAL NÚM. 27027C010032320000DD, PARCELA 3232 DEL POLÍGONO NÚM.10 DE LA ZONA DE CONCENTRACIÓN DE LOURENZÁ SUR E ADOPCIÓN DO ACORDO QUE PROCEDA.**

Visto o escrito presentado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) de data 20/04/2018, con núm. 2849 de rexistro de saída, que tivo entrada nas oficinas municipais o día 23/04/2018, sendo rexistrada de entrada co núm. 725 e polo que se require documentación no Procedemento: "Dereito de petición: Transmisión en propiedade, a título gratuíto, dun ben inmoble", Expediente núm. ALL20072700450, Parcela con Referencia Catastral Núm. 27027C010032320000DD, lugar de O Xuncal,
parroquia de Santo Tomé e na seguinte ubicación:

| PROVINCIA | CONCELLO | ZONA | POLÍGONO | PARCELA |
|---|---|---|---|---|
| LUGO | LOURENZÁ | SUR | 10 | 3232 |

A Xunta de Goberno Local, co fin de dar conformidade ó carácter social da actividade, en votación ordinaria e por unanimidade dos tres concelleiros presentes na sesión sendo o seu número legal de catro, ACORDOU:

PRIMEIRO.- Garantir que, unha vez sexa cedida en propiedade ó concello de Lourenzá a parcela núm.3232 do Polígono 10 da Zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá Sur (Lourenzá), con referencia catastral número 27027C010032320000DD (finca), o concello será garante do seu uso de carácter social en beneficio da Comunidade, destinándoo a acondicionamento de terreo e instalación elementos móbiles propios dun espazo de lecer nos terreos adxacentes á Ponte do Xuncal, na parroquia de Santo Tomé (Lourenzá) contribuíndo, polo tanto, á xestión e seguimento das políticas públicas no ámbito social en xeral e no medio rural en particular, de conformidade co disposto no artigo 6.1 da Lei 6/2011 de 13 de outubro, de "Mobilidade de Terras", así como os obxectivos do artigo 6.2 do mesmo corpo legal, concretamente os sinalados no apartado d) de dito artigo.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

SEGUNDO.- Especificar que dito inmoble pretende adquirirse con carácter demanial a efectos da súa inscrición no Rexistro da Propiedade así como a súa incorporación ó Patrimonio Público do Solo.

TERCEIRO.- Asumir que serán a cargo do Concello, os costos de outorgamento das escrituras públicas de formalización da cesión de ditas fincas así como os impostos derivados da transmisión incluído, no seu caso, ó do incremento do valor dos terreos

CUARTO.- Achegar certificación do presente acordo á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) para o seu coñecemento e efectos oportunos.

QUINTO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para levar a bo fin o presente acordo.

**005/D)ESCRITO DO AGADER REFERENTE Á SOLICITUDE (EXPEDIENTE ALL20132700001) PRESENTADA POR ESTE CONCELLO PARA A TRANSMISIÓN EN PROPIEDADE, A TÍTULO GRATUITO, DA FINCA REFERENCIA CATASTRAL NÚM. 27027C002404210000DX PARCELA 421-4 DEL POLÍGONO NÚM.2 DE LA ZONA DE CONCENTRACIÓN DE LOURENZÁ SUR E ADOPCIÓN DO ACORDO QUE PROCEDA.**

Visto o escrito presentado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) de data 25/04/2018, con núm. 2958 de rexistro de saída, que tivo entrada nas oficinas municipais o día 27/04/2018, sendo rexistrada de entrada co núm. 782 e polo que se require documentación no Procedemento: “Dereito de petición: Transmisión en propiedade, a título gratuíto, dun ben inmoble”, Expediente núm. ALL20132700001, Parcela con Referencia Catastral Núm.27027C002404210000DX, lugar de Requeixo, parroquia de San Xurxo e na seguinte ubicación:

| PROVINCIA | CONCELLO | ZONA | POLÍGONO | PARCELA |
|---|---|---|---|---|
| LUGO | LOURENZÁ | SUR | 2 | 421-4 |

A Xunta de Goberno Local, co fin de dar conformidade ó carácter social da actividade, en votación ordinaria e por unanimidade dos tres concelleiros presentes na sesión sendo o seu número legal de catro, ACORDOU:

PRIMEIRO.- Garantir que, unha vez sexa cedida en propiedade ó concello de Lourenzá a parcela núm.421 do Polígono 4 da Zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá Sur (Lourenzá), con referencia catastral número 27027C002404210000DX (finca), o concello será garante do seu uso de carácter social en beneficio da Comunidade, destinándoo a almacenamento de madeira e polo tanto, á xestión e seguimento das políticas públicas no ámbito social en xeral e no medio rural en particular, de conformidade co disposto no artigo 6.1 da Lei 6/2011 de 13 de outubro, de “Mobilidade de Terras”, así como os obxectivos do artigo 6.2 do mesmo corpo legal, concretamente os sinalados no apartado d) de dito artigo.

SEGUNDO.- Especificar que dito inmoble pretende adquirirse con carácter demanial a efectos da súa inscrición no Rexistro da Propiedade así

como a súa incorporación ó Patrimonio Público do Solo.

TERCEIRO.- Asumir que serán a cargo do Concello, os costos de outorgamento das escrituras públicas de formalización da cesión de ditas fincas así como os impostos derivados da transmisión incluído, no seu caso, ó do incremento do valor dos terreos

CUARTO.- Achegar certificación do presente acordo á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) para o seu coñecemento e efectos oportunos.

QUINTO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para levar a bo fin o presente acordo.

**Expediente 306/2018. RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA DE 04/05/18:Subvención ATENCIÓN TEMPERÁ 2018 ( BURELA).**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acordou ratificar a Resolución da Alcaldía de 04/05/2018 relacionada coa publicación da orde de 27 de marzo do 2018 (DOG. Núm. 72 de 13/04/2018) da Consellería de Política Social para a concesión de subvencións para a prestación de servizos de atención tempera sendo o seu contido literal o que segue:

*"Vista a Orde da Consellería de Política Socia de 27 de marzo de 2018 (DOG. Núm. 72 de 13/04/2018)pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidade locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos de Atención Temperá, no marco da Rede Galega de Atención Temperá, cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020.*

*Visto que este concello ten aprobado un CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA ENCOMENDAR A XESTIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ AO CONCELLO DE BURELA, PRESTANDO COBERTURA INTEGRAL AOS VECIÑOS/AS DA ENTIDADE LOCAL DE LOURENZÁ, o cal fora aprobado polo Pleno deste concello na sesión celebrada o día 21/07/2016 e que, segundo o establecido na cláusula décima do mesmo, prorrogarase automaticamente por anos naturais sempre e cando non medie denuncia por algunha das partes de xeito expreso con un mes de antelación.*

*Esta Alcaldía por razóns de urxencia dado que o prazo para a presentación de solicitudes finaliza o día, ACORDA:*

*PRIMEIRO.- Solicitar unha subvención á Consellería de Política Social ó abeiro da Orde da Consellería de 27 de marzo de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidade locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos de Atención Temperá, no marco da Rede Galega de Atención Temperá, cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procederá á súa convocatoria para o ano 2018 ( Código de procedemento BS700A), publicada no DOG. Núm. 72*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

*de 13/04/2018, nos termos que figuran nos puntos seguintes e pola cantidade máxima establecida nos artigos 4 e 19.4 da citada Orde:*

| | | |
|---|---|---|
| *Concello designado para a xestión e xustificación da subvención segundo o previsto na cláusula cuarta da Orde de 27/03/18:* | *CONCELLO DE BURELA* | |
| *Representante para os efectos de representación da solicitude de subvención, coordinación e interlocución coa Consellería de Política Social:* | *D. ALFREDO LLANO GARCÍA, Alcalde do Concello de Burela ( DNI. 33826978-G),* | |
| *Porcentaxe de subvención que corresponderá a cada uno dos integrantes* | | |
| *Concello* | *Compromiso execución* | *Porcentaxe de subvención que lle corresponde* |
| *BURELA* | *Execución das actuacións obxecto da subvención* | *100%* |
| *Total* | | *100%* |

*<u>SEGUNDO.</u>- A prestación do servizo de Atención Temperá executarase no marco da Rede Galega de Atención Temperá ( Decreto 183/2013 do 5 de decembro) na condicións reflectidas no artigo 8 da Orde ó abeiro da que se solicita a presente subvención.*

*<u>TERCEIRO.</u>- A xestión será compartida de acordo o establecido n o artigo 7.1c) 1º, da citada Orde, o que implica a xestión de forma conxunta e non supón actuacións independentes dos integrantes e directa.*

*<u>CUARTO.</u>- O prazo de execución será de conformidade co disposto no artigo 8 da Orde, dende o 01/11/2017 ata o 31/10/2018.*

*<u>QUINTO.</u>- O número de integrantes do equipo de Atención Temperá durante o referido período de execución será de Tres (3).*

*<u>SEXTO.</u>- O número de horas totais de traballo do equipo e o importe dos custos de prestación do servizo en función do prezo unitario/hora durante o período de execución e de conformidade co artigo 10.1 e 2, son os seguintes:*

| *A.- Número total de horas de traballo do equipo AT no citado período segundo os grupos profesionais* | | *B.- Prezo unitario/hora segundo os grupos profesionais (art.10.1)* | *C.- Custo Total segundo grupo de pertenza (A-b)* |
|---|---|---|---|
| *GRUPO I* | *3440 Horas* | *20,89 €* | *71.860,60 €* |
| *GRUPO II* | *1720 Horas* | *18,60€* | *31.992,00€* |
| *TOTAL* | *5.160 Horas* | | *103.853,60€* |

*<u>SÉTIMO.</u>- Aceptar as condicións e requisitos establecidos na Orde ó abeiro da que se solicita a subvención así como a demais normativa aplicable e comprometerse a cofinanciar aquela na parte non subvencionada e na parte que lle corresponda, no seu caso.*

*<u>OITAVO.</u>- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local, na próxima sesión que se celebre, para a súa ratificación.”*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

| **Expediente 633/2017. ESTUDO TAXA POLO CHAN E VO LIÑAS TRANSPORTE ELÉCTRICO: APROBACIÓN CONVENIO DEPUTACIÓN PROVINCIAL.** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Neste punto do orde do día, pola Alcaldía explicouse tanto o motivo como o contido do Convenio que non era outro que estudiar a posibilidade da implantación no concello da "*Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gas",* e como trámite previo facíase necesario analizar a realidade " in situ", para o que tíñanse que facer tanto un inventario como un estudo técnico económico por técnicos especializados e de ahí a necesidade do convenio de colaboración coa Exma. Deputación Provincial.

Seguidamente, a Xunta de Goberno Local, pasou á votación e por unanimidade dos tres concelleiros presentes na sesión sendo o seu número legal de catro, adoptou os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o Convenio interadministrativo de Colaboración coa Exma. Deputación Provincial para a financiación e contratación conxunta do servizo de realización de inventario de ocupación privativa e aproveitamento especial do dominio público municipal, informe técnico-económico e proposta de tarifas para a imposición e regulación da taxa correspondente das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gas, sendo o seu contido literal o que segue:

*"(...) MANIFESTAN:*

*Primeiro.- Coa finalidade de reforzar os recursos tributarios propios dos municipios, cuestión intimamente ligada a autonomía municipal, o Concello de Lourenzá adheriuse forma e expresamente á iniciativa da Deputación para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gas.*

*A implantación da taxa esixe a realización dun inventario de ocupacións privativas e aproveitamentos especiais en cada municipio así como a elaboración dos correspondentes estudos técnicos e económicos, para os que, nin os concellos nin a deputación teñen medios persoais e técnicos axeitados, dada a sua especificidade e necesaria especialización, de aí que sexa preciso acudir a súa contratación externa. A súa vez os concellos están interesados en que a Deputación asuma a contratación conxunta dos citados servizos coa finalidade de aproveitar as economías de escala asociadas a mesma, e, ao mesmo tempo, unificar os criterios de medición dos usos privativos e dos aproveitamentos especiais así como os de elaboración dos informes técnicos e económicos.*

*Para a determinación do valor estimado da contratación conxunta destes servizos realizáronse por técnicos da área, os correspondentes estudos preliminares de cada municipio adherido, coa base nos datos catastrais aportados polos Concellos a Xerencia do Catastro, a Enquisa Provincial de Infraestruturas e o Servizo de Montes da Xunta de Galicia. Valor estimado que é suma dos valores estimados para cada municipio.*

*<u>Segundo.-</u> Co presente convenio instruméntase a cooperación entre a Deputación Provincial e cada un dos concellos asinantes , con fundamento no interese común que ámbalas dúas institucións comparten e que ten como finalidade o exercicio de competencias propias. Así, por un lado, facilítase aos Municipios o exercicio da potestade tributaria de que veñen investidos aumentando os seus recursos tributarios, e doutro lado, a Deputación actualiza a súa misión institucional básica, cal é , a cooperación económica e asistencia técnica aos concellos no desenvolvemento das súas competencias propias.*

*<u>Terceiro.-</u> A ordenanza fiscal cuxa aprobación se pretende ven referida a taxa municipal a impoñer con fundamento no artigo 24.1a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, pola utilización privativas ou os aproveitamentos especiais do dominio público, nas que non concorran as circunstancias de ser empresas subministradoras de servizos de interese xeral que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza e que ocupen, solo, subsolo ou voo das vías públicas, é dicir, a taxa previda polo artigo 24.1c) do citado Texto Refundido.*

*Coa aprobación da ordenanza fiscal de referencia , o Concello exerce a súa potestade tributaria nos termos do artigo 4 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en réxime de competencia propia xa que as taxas son un dos recursos tributarios dos municipios segundo o artigo 2.1.b) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e xa que logo corresponde a cada municipio decidir sobre a súa exacción nos termos dos artigos 20 e seguintes do Texto Refundido antes referenciado.*

*Cuarto.- Son competencias propias da Deputación , de conformidade con canto se establece polo artigo 36 da Lei 7/1985 , de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, ademais das que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónoma nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso: "A asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión..." (artigo 36.1.b da mesma).*

*Así mesmo o artigo 30 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local , sinala no seu artigo 30.1) que: " A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medio económicos propios da mesma que se asignen.".*

*Sinalando o parágrafo 2º do citado artigo que: " a cooperación poderá ser total ou parcial segundo aconsellen as circunstancias económicas dos municipios interesados."*

*A subscrición de convenios administrativos configúrase como una das formas de cooperación polo artigo 30.6.*

*Neste mesmo sendo se pronuncia a Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nomeadamente nos seus artigos 109 a 116 respectivamente.*

*<u>Quinto.-</u> Os Convenios constitúen o instrumento de cooperación preferente, fronte a personificación de estruturas intermedias, segundo se establece polo artigo 57 da Lei 7/85 e a Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no seu artigo 86 establece que "as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos , convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico....".*

*<u>Sexto.-</u> A Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, establece a regulación completa do réxime xurídico dos convenios de*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

*natureza de lexislación básica. Así o seu artigo 47 sinala que: "son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas , os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común. Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público."*

*Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios , ao establecer " os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados o dependentes e as universidade públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:*

*a) Convenios interadministrativos asinados entre dúas o máis Administracións Públicas ou ben entre dous o máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas ...(...)."*

*Sétimo.- Polo que fai referencia ós requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da Lei 40/2015, establece:*

*" Artigo 48.- Requisitos de validez e eficacia dos convenios.*

*1.- As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculadas ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público o privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia.(...).*

*3.- A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.*

*4.- A xestión, xustificación e resto de actuación relacionadas cos gastos derivados dos convenios que inclúan compromisos financeiros para a Administración Pública ou calquera dos seus organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes que o subscriban, así como cos fondos comprometidos en virtude de devanditos convenios, axustaranse ao disposto na lexislación orzamentaria.*

*5.- Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo que os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio.(...)*

*8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes (...).*

*Oitavo.- En relación ao contido necesario dos convenios, o artigo 49 da Lei 40/2015, establece:*

*Artigo 49.- Contido dos Convenios.*

*Os convenios aos que se refire o apartado 1 do artigo anterior deberán incluír, polo menos, as seguintes materias:*

*1.- Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.*

*2.- A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública, dos organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes dela ou das Universidades públicas.*

*3.- Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade dos resultados obtidos.*

*4.- Obrigacións e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbese, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

imputación concreta ao orzamento correspondente de acordo co previsto na lexislación presupostaria.

5.- Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por cada unha das partes e, no seu caso, os criterios para determinar a posible indemnización polo incumprimento.

6.- Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan exporse respecto dos convenios.

7.- O réxime de modificación do convenio. A falta de regulación expresa a modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes.

8.-) Prazo de vixencia do convenio tendo en conta as seguintes regras:
1.º Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que normativamente prevéxase un prazo superior.

2.º En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción (...).

En canto as causas de extinción, o artigo 51 da mesma, establece:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.

b) O acordo unánime de todos os asinantes.

c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

<u>Noveno.-</u> Polo que respecta á tramitación sinalar que de conformidade co artigo 50 da Lei 40/2015 , establece:

<u>Artigo 50.- Trámites preceptivos para a subscrición de convenios e os seus efectos.</u>

1. Sen prexuízo das especialidades que a lexislación autonómica poida prever, será necesario que o convenio se acompañe dunha memoria xustificativa onde se analice a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, así como o cumprimento do previsto nesta Lei (...)".

<u>Décimo.-</u> A relación interadministrativa cos concellos asinantes que se instrumenta no convenio, é conforme cos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público e respecta os principios de "cooperación, colaboración e coordinación entres as Administracións Públicas" establecidos no

*art. 3.1.k da Lei 40/2015 , do 1 de outubro; resultando coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 e 141 da mesma Lei: " lealdade institucional" e "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activa que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias."*

*Ademais consonte aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015:*

*1.- As Administracións cooperarán ao servizo do interese xeral e poderán acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos de órganos de cooperación ou en convenios.(...).2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben.3. Cada Administración Pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba."*

*Décimo Primeira.- A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no seu artigo 31 promove unha importante acomodación normativa mediante a regulación de fórmulas de cooperación pública vertical e horizontal, establecendo no que á cooperación horizontal se refire, os convenios interadministrativos como instrumentos de formalización da cooperación.*

*Pola súa banda, o parágrafo 2º do citado artigo, habilita especificamente a realización conxunta de contratacións específicas, como no presente caso.*

*Con fundamento en canto antecede, os intervintes, nas súas respectivas representacións, pactan, conveñen e outorgan o presente convenio interadministrativo de cooperación con arranxo as seguintes CLÁUSULAS:*

*PRIMEIRA.- OBXECTO.-*

*O Convenio ten por obxecto articular a cooperación entre a Deputación Provincial e o Concello de LOURENZÁ, con fundamento no interese común de ámbalas dúas Entidades Locais na elaboración e aprobación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gas, cofinaciando os gastos derivados da contratación dos servizos necesarios para a aprobación da citada ordenanza, asumindo ademais a Deputación a contratación conxunta dos mesmos para todos os municipios interesados na implantación e ordenación da taxa e que son un total de trinta e nove.*

*Así, por un lado, facilítase ós Municipios o exercicio da potestade tributaria de que veñen investidos aumentado os seus recursos tributarios; e , doutro lado, a Deputación actualiza a súa misión institucional básica, cal é a cooperación económica e asistencia técnica aos concellos no desenvolvemento das súas competencias propias.*

*SEGUNDA.- ACHEGAS E COMPROMISOS DAS PARTES.*

*Para a consecución do obxecto do convenio de colaboración, as partes subscribintes conveñen os seguintes compromisos:*

*1.- CONCELLOS:*

*a) A tramitar e aprobar a Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polas instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gas, sempre que o potencial recadatorio da mesma así o aconselle.*

*b) A co financiar nun 50 por 100 os gastos derivados do contrato de servizos para*

*b.1) Inventario definitivo de utilizacións privativas ou aproveitamento especial do dominio público municipal con base no inventario previo feito polos*

*servizos técnicos da Deputación e o Inventario de gasodutos. Estudos técnico-económicos legalmente esixidos para a aprobación da Ordenanza Fiscal.*

*b.2) Proposta de tarifas.*

*A aportación municipal que por este convenio se compromete será ingresada na Tesourería da Deputación Provincial no prazo de trinta días hábiles seguintes ao da entrega ao concello do inventario de utilizacións privativas ou aproveitamento especial do dominio público municipal, dos estudios técnico-económicos legalmente esixidos para a aprobación da ordenanza fiscal e da proposta de tarifas.*

*De non facerse efectivo o ingreso no prazo antes sinalado a Deputación queda expresa e formalmente autorizada para proceder á compensación do importe da co financiación comprometida polo concello con cargo aos créditos dos que sexa titular fronte a Deputación, minorando as obrigas líquidas e esixibles correspondentes.*

*c) A facilitar ó contratista adxudicatario do contrato de servizos a información de que dispoña así como as autorizacións precisas para levar a cabo as indagacións necesarias para a execución do contrato , tanto no Catastro como no Rexistro da Propiedade.*

*2.-DEPUTACIÓN:*

*a) Realizar o estudo-inventario das afeccións das liñas eléctricas aos ben municipais de dominio público e dos gasodutos.*

*b) A co financiar nunha porcentaxe do 50 por 100 os gastos derivados do contrato de servizos de referencia.*

*c) A tramitar o correspondente procedemento de contratación conxunta dos servizos a contratar.*

*d) A poñer a disposición de cada un dos concellos o resultado do contrato no que se refire ao seu municipio.*

*O valor estimado do contrato de servizos conxunto é d 4.183,27 euros mías o 21 por 100 de IVE. Así a aportación a que se compromete o Concello de Lourenzá é dun total de 2.091,63 euros máis o 21 por 100 de IVE.*

*A aportación da Deputación será de igual importe que a do concello.*

*As citadas cantidades son, en principio , ás máximas que se asumen, non obstante o anterior, se na execución de contrato xurdiran modificacións das mesmas, tal incremento será co financiado polas partes nas mesmas porcentaxes.*

*Nos supostos de que o prezo que finalmente se abone ao contratista sexa inferior ao valor estimado máis IVE, por terse producido baixas na licitación, a porcentaxe de minoración que a mesma supoña aplicarase ás respectivas aportacións.*

*A imputación orzamentaria do gasto será con cargo á anualidade do 2018.*

*TERCEIRA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMENTO.*

*Tendo en conta o establecido no artigo 49.f) da Lei 40/2015 de 1 de outubro, para o seguimento, vixilancia, control e resolución de discrepancias, establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento o que o sexa do ente provincial.*

*Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.*

*O seu funcionamento acomodarase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

*outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.*

*Serán funcións desta Comisión de Seguimento, as seguintes:*

*a) Velar polo cumprimento do convenio.*

*b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as actividades do programa que se vaian a emprender ao abeiro do presente convenio.*

*c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.*

*d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.*

*e) E, en xeral, as que o artigo 49.f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro do 2015, do RXSP, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.*

*CUARTA.- VIXENCIA DO CONVENIO.*

*A vixencia do presente convenio terá efecto a partir da súa sinatura e manterase ata o cumprimento do mesmo e unha vez terminaran o conxunto de actuacións dos compromisos adquiridos polas parte, tendo en conta o establecido no artigo 49h) da Lei 40/2015 do 1 de outubro do 2015, do réxime xurídico do sector público (RXSP).*

*En todo caso, a súa vixencia rematará o 31 de novembro do 2018, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo. En todo caso, incluídas as prórrogas, o convenio non terá unha duración superior aos 4 anos.*

*En canto a extinción do Convenio, este extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causas de resolución. Son causas de resolución as sinaladas no artigo 51 da amentada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do RXSP. O incumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación dos mesmos, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da citada Lei 40/2015.*

*QUINTA.- MODIFICACIÓNS.*

*A modificación deste convenio poderá realizaras por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio estea vixente. A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.*

*SEXTA.- SEGURIDADE, CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS.*

*A Deputación de Lugo, o Concello de LOURENZÁ quedan expresamente obrigados a manter absoluta confidencialidade e reserva sobre calquera dato que puidesen coñecer con ocasión do cumprimento do convenio de cooperación, especialmente os de carácter persoal, que non poderán copiar ou utilizar con finalidade distinta á que figura neste documento, nin tampouco ceder a outros nin sequera a efectos de conservación.*

*Este deber subsistirá aínda que se extinga o convenio de colaboración, ata que devandita información chegue a ser de dominio público ou, que por outras causas, perda a súa consideración de confidencialidade, sen que medie incumprimento do deber de confidencialidade por calquera das partes asinantes do convenio.*

*A Deputación de Lugo, o Concello de Lourenzá obríganse nos termos previstos polo artigo 12 da Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, a garantir a total confidencialidade e seguridade dos datos aos que teñan acceso para o seu tratamento.*

*SÉTIMA.- NATUREZA XURÍDICA DO CONVENIO.*

*O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6.1 da Lei 9/2017 ,*


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

*de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, que sinala que quedan excluídos do eido da citada Lei " os convenios cuxo contido non estea comprendido nos contratos regulados pola presente Lei celebrados entre sí pola (...) entidades Locais".*

*Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostenta competencias compartidas de execución (ademais de actuar "conveniendi causa") non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. Na Comunidade Autónoma Galega ( aínda que non aplicable, en principio, ás entidades locais, artigo 1.3), o artigo 3.3 do Decreto 11/2009 , do 8 de xaneiro, establece unha regulación semellante ó RXLS estatal.*

*As partes comprométense a resolver de xeito amistoso calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.*

*Este Convenio ten natureza administrativa sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso-administrativa.*

*En proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan para este só efecto e por triplicado exemplar, no mesmo lugar e data anteriormente citados.*

SEGUNDO.- Nomear como membros da Comisión de Seguimento a Alcaldesa, Dª. Rocío López García e a Dª. Mercedes Dengra Sixto.

TERCEIRO.- Remitir certificación do presente acordo á Exma. Deputación Provincial para o seu coñecemento e efectos oportunos.

CUARTO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

**Expediente 324/2018. Procedemento de Contratación. "MELLORA E MANTEMENTOS DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE CARBALLIDO, CURRILLÓN , POUSADA E A PENA NO CONCELLO DE LOURENZA**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto que consta no expediente a Resolución favorable do Director Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento rural (AGADER) de data 03/05/2018, polo que se comunica que este Concello resultou beneficiario dunha subvencón no marco de Programa de Mellora e Mantemento de Camiños Municipais 2018-2019 (Expediente PM18-212) por impore de cincuenta e sete mil cincocentos noventa e tres euros con cincuenta e dous céntimos (57.593,52) sobre un presuposto de 71.396,84 euros.
Visto que dadas as características da obra e o presuposto de licitación, parece o procedemento máis adecuado o procedemento aberto simplificado de conformidade co disposto no artigo 159.6 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Visto que foi emitido informe de Secretaría-Intervención sobre o porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do presuposto vixente, aos efectos de determinar o órgano competente para contratar e sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.
Visto que con data 23/05/18 foi redactado e incorporado ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán a adxudicación do contrato.
Vista a certificación expedida por Secretaría-Intervención de existencia de crédito de conformidade co disposto na Disposición adicional 3ª apartado 4 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
Examinada a documentación que se acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 117 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, ACORDA:
PRIMEIRO.- Aprobar que sexa o procedemento aberto simplificado a forma de adxudicación da contratación da obra "MELLORA E MANTEMENTO DA CAMIÑOS MUNICIPAIS DE CARBALLIDO, CURRILLÓN, POUSADA E PENA NO CONCELLO DE LOURENZA" cun presuposto de CINCUENTA E NOVE MIL CINCO EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (59.005,65.-) o que se lle adicionará o Imposto sobre o Valor Engadido (21%) de doce mil trescentos noventa e un euros con dezanove céntimos (12.391,19.-) ascendendo o presuposto total da inversión, con IVE incluído a SETENTA E UN MIL TRESCENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON OITENTA E CATRO CÉNTIMOS (71.396,84.-).
SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato de ditas obras por procedemento aberto simplificado e que se incorporan ao expediente.
TERCEIRO.- Públicar o anuncio de licitación no Perfil do Contratante da páxina Web do Concello de Lourenzá así como na Plataforma de Contratación da Xunta de Galicia a efectos de presentación de proposicións para a adxudicación da obra.
CUARTO.- Designar a D. Francisco Damián Pérez Rodríguez, Arquitecto Técnico do Concello como unidade técnica co fin da auxiliar ao órgano de contratación.
QUINTO.- Designar a Dª Marta Sánchez Seivane como Directora da obra.
SEXTO.- Cumprir os demáis trámites preceptivos de impulso ata a formalización do oportuno contrato, sen cuio trámite non poderá iniciarse a execución da obra, facultando á Sra. Alcaldesa, Dª Rocío López Garcia para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

**Expediente 142/2018. BASES PROGRAMA APROL RURAL/2018.**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votaci**<br>Unanimidade/A...me |

nto

Neste punto, despois de que pola Alcaldía se informara de que concederan axuda para a contratación do dous traballadores forestais, ó abeiro da Orde do 31 de Decembro de 2017 <u>pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2018,</u> da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e mediante a concesión dunha subvención por importe de vinte e dous mil cincocentos (22.500,00) euros, a Xunta de Goberno Local, pasou á votación e por unanimidade dos tres concelleiros presentes na sesión sendo o seu número legal de catro, ACORDOU:

<u>PRIMEIRO</u>.-Aprobar as BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS EN RÉXIME LABORAL NON PERMANTENTE DE DOUS (2) TRABALLADORES FORESTAIS PARA O CONCELLO DE LOURENZÁ, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, sendo o seu contido literal o que segue:

*"<u>PRIMEIRA.—OBXECTO E NORMA DE APLICACIÓN</u>.*

*Esta convocatoria ten por obxecto a selección mediante concurso-oposición de dúas prazas de Traballador Forestal para o Concello de Lourenzá, ao abeiro da ORDE do 31 de Decembro de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2018, en réxime de persoal laboral temporal por un período de* ***nove meses a xornada completa.***

*A convocatoria publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Lourenzá e na páxina Web (www.concellodelourenza.gal), e presentaranse as correspondentes ofertas de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia cunha antelación mínima de 15 días hábiles na data prevista para realizar as correspondentes contratacións.*

*Estes contratos encádranse na Orde do 31 de Decembro de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria mediante a concesión dunha subvención por importe de 22.500,00 €.*

*Este plan creouse para a realización de accións de fomento do emprego en colaboración coas entidades locais rurais a través da contratación de persoas traballadoras desempregadas para a realización de tarefas de silvicultura, biomasa, limpeza de montes ou outras tarefas de valorización forestal, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.*

*<u>SEGUNDA.— CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS DE TRABALLO TEMPORAL LABORAL CONVOCADOS.</u>*

*O número de postos de traballo, a súa denominación e características relaciónanse de seguido:*

| ***Nº DE PRAZAS*** | ***OCUPACION*** | ***GRUPO DE COTIZACIÓN*** |
|---|---|---|
| *2* | *TRABALLADOR FORESTAL* | *8* |

***<u>TRABALLADOR FORESTAL:</u>***

***<u>a)Titulación</u>****: Graduado Escolar, certificado de escolaridade, certificado de estudos pri[illegible]s ou equivalente.*

***<u>b)Modalidade e duración contractual</u>****: 9 meses en réxime de dedicación a tempo com[illegible] (40 horas semanais).*

***<u>c)Carné de conducir</u>****: B.*

***<u>d)Funcións</u>****: O posto de traballo forma parte do cadro de persoal do Concello de Lour[illegible]e as funcións que ten encomendadas, a título enunciativo, son as seguintes:*

*1.-Exercerán as tarefas propias do posto de traballo, isto é, aquelas relativas coa pre[illegible]ón e defensa contra incendios forestais, realizando tarefas de silvicultura, biomasa, limpeza de monte[illegible]tras tarefas de valorización forestal, mantemento de vías de titularidade municipal, franxas de biomas[illegible]nxas de protección, etc.*

*2.-En xeral, cales queira outras tarefas afíns á categoría do posto e semellantes ás ante[illegible]ente descritas, que lle sexan encomendadas polos seus superiores e resulten necesarias por razóns do s[illegible]*

*3.-Calquera outra que se desprenda dos diferentes servizos municipais e acorde[illegible] súa cualificación, non relacionada anteriormente, que lle encomende a autoridade municipal no exe[illegible] das súas funcións.*

*4.-Estas prazas están suxeitas a flexibilidade de horario.*

***e)Retribucións****: Os/As aspirantes seleccionados/as e contratados/as percibirán as re[illegible]ións*

segundo o seguinte desglose:

| NÚM. TRAB. | GRUPO COTIZAC. SEG.SOC. | OCUPACIÓN | CNAE 2009 (4 díxitos) /ou OCUPACIÓN (letra) | CUSTO UNITARIO MENSUAL | | | | CUSTOS TOTAIS | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | SALARIO BRUTO (1) | % COTA PATRONAL SEG. SOC. | COTA PATRONAL Á SEG.SOCIAL | TOTAL CUSTO MENSUAL | DURACIÓN CONTRATO EN MESES | TIPO XORNADA % | CUSTOS SALARIAIS TOTAIS |
| 2 | 8 | TRABALLADOR FORESTAL | 8411(D) | 907,11 | 37,80% | 342,89 | 1.250,00 | 9 M | 100% | 11.250,00 |
| | | | | | | | | | | |

TERCEIRA. NORMATIVA APLICABLE

Ao presente concurso-oposición seralle de aplicación o previsto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP). Así mesmo e nos aspectos non derrogados expresamente que non se opoñan ao disposto no TRLEBEP, tamén será de aplicación:

a) Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.

b) Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

c) Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposición legais vixentes en materia de Réxime Local.

d) Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, que aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración.

e) Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores.

f) Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

g) Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia.

CUARTA.- MODALIDADE DO CONTRATO.

Dado que o posto está financiado ao abeiro Orde do 31 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o ano 2018, e de acordo co establecido na devandita Orde o Concello utilizará necesariamente a modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

O mencionado contrato laboral terá unha duración de 9 meses a xornada completa a conta[illegible] de a sinatura do contrato.

O contrato estará suxeito a normativa de incompatibilidades prevista para os empregado[illegible]licos na Lei 53/84 de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

As condicións serán as establecidas no documento contractual.-

QUINTA.— REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1. Con carácter xeral os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos para poder tomar [illegible] nas probas de selección.

A.-Os traballadores e as traballadoras que se contraten para a realización das obras e [illegible]os e polos/as cales se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo [illegible]o de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Estes [illegible]sitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato d[illegible]ballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

B.-Os traballadores e as traballadoras que foran contratados por un período igual ou super[illegible]nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2017 pola Consellería de Economía, Emprego e In[illegible]a no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia d[illegible]icas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non po[illegible] ser contratados con cargo ás axudas previstas nesta orde.

C.-Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala n[illegible]o 57 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de Outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estat[illegible]sico do Empregado Público.

D.-Posuír a capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto.

E.-Ter cumpridos dezaoito anos e non ter acadado a idade máxima de xubilación forzosa.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

*F.-Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das funcións do posto.*

*G.-Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.*

*H.-Non atoparse incurso/a nas causas de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente.*

*I.-No caso de persoas con discapacidade, deberán ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.*

*J.-Estar en posesión do Carné de Conducir tipo B.*

*K.-Posuír a titulación académica esixida para o posto. No caso de alegar equivalencias de títulos achegarase o certificado ao efecto da Consellería de Educación ou organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán ter o documento que acredite fehacentemente a súa homologación.*

*SEXTA.—CONVOCATORIA.*

*1.-As presentes Bases íntegras publicaranse no Taboleiro de anuncios e na páxina Web do Concello www.concellodelourenza.gal, no perfil do contratante.*

*2.-A participación no proceso selectivo, dos postos financiados ó abeiro da Orde do 31 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o ano 2018, realizarase de conformidade co artigo 14 da Orde mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego, dando traslado á mesma das presentes bases.*

*3.-As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberán estar inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia na ocupación correspondente.*

*4.-O Servizo Público de Emprego de Galicia enviará ao Concello de Lourenzá unha relación de candidatos que serán convocados ao proceso selectivo, previa presentación das diferentes ofertas por parte do Concello de Lourenzá.*

*5.-Os/as interesados/as e previamente convocados dirixirán as súas solicitudes, no modelo oficial que se publica como Anexo I destas bases e que tamén se facilitará nas oficinas municipais, á Sra. Alcaldesa do Concello de Lourenzá coa documentación requirida nun prazo de 3 días hábiles dende que reciban a carta da convocatoria.*

*6.-As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lourenzá, (Praza do Conde Santo, s/n, 27760, Lourenzá, Lugo).*

*7.-As solicitudes poderán presentarse por calquera dos medios establecidos no artigo [illegible] Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. N[illegible]caso o solicitante deberá anunciar á Alcaldía - Presidencia a remisión da solicitude mediante telefax [illegible] ou telegrama o mesmo dia de presentación. Sen a concorrencia de ambos requisitos non serán [illegible]idas aquelas solicitudes que sexan recibidas no Concello fora do prazo establecido.*

*SETIMA.— DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.*

*a)Dado que o posto está financiado ó abeiro da Orde do 31 de decembro de 2017, po[illegible]e se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio r[illegible]prol rural) para o ano 2018, será necesario aportar tarxeta de demandante de emprego e carta de pre[illegible]ción remitida pola Oficina de Emprego e figurar na preselección realizada pola Oficina de Emprego.*

*b)Fotocopia dos documentos acreditativos da nacionalidade do aspirante: DNI, pasaporte, [illegible]a de residencia, así como calquera outro documento acreditativo da nacionalidade co alcance do esta[illegible]o no Artigo 57 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de Outubro, polo que se aproba o texto refundido [illegible]i do Estatuto Básico do Empregado Público.*

*c)Fotocopia do título académico esixido (Graduado Escolar, certificado de escolaridade, cert[illegible]o de estudos primarios ou equivalente.).*

*d)Fotocopia do permiso de conducir.*

*e)Acreditación do grao de discapacidade, de ser o caso.*

*f)Fotocopia dos documentos que acrediten debidamente a posesión dos méritos presenta[illegible]olos aspirantes para a súa valoración na fase de concurso. Os méritos que non estean acreditados tal [illegible]o se sinala en cada apartado da fase de concurso non poderán ser valorados.*

*g)Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do s[illegible]o de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Co[illegible]ades*

*Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaba no caso de persoal laboral, no que houbese estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.*

*OITAVA. -FORMA DE ACREDITAR OS MÉRITOS:*

*Deberán presentarse, dentro do prazo de presentación de documentación, as copias dos documentos que acrediten os méritos alegados para poder ser puntuados conforme ao baremo.*

*Deberanse acompañar as xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación á praza convocada.*

*Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.*

*A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non sexan tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fora do prazo de presentación de documentación xa que non poderá subsanarse. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.*

***DOCUMENTOS A PRESENTAR PARA XUSTIFICAR AS ACREDITACIÓNS DOS DISTINTOS APARTADOS DO BAREMO.***

***I.-Experiencia:***

*En tódolos casos deberá presentarse obrigatoriamente o informe de vida laboral actualizado, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.*
*Os servizos prestados acreditaranse mediante certificación de servizos prestados expedida polo organismo correspondente, contratos de traballo ou nóminas nos que se acredite o emprego desempeñado e as funcións e tarefas realizadas.*

***II.-Titulacións académicas e cursos, xornadas, seminarios, congresos e similares relacionadas coas funcións do posto ao que se opta.***

*Presentarase copia do correspondente diploma acreditativo das titulacións académicas, cursos, estudos, xornadas, masters ou similares no que debe constar a duración do curso en horas e, como mínimo, o título do mesmo ou ben certificación expedida polo organismo que o impartiu no que se fagan constar os mesmos datos.*

*Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración nin os cursos que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións do posto.*

***III.-Idioma galego.***

*Acreditarase mediante a presentación de certificación expedida polo organismo competen*

***IV.-Pertenza a colectivos con dificultades de inserción laboral.***

*1.-A condición de discapacidade deberá acreditarse co certificado do recoñecemento d o de minusvalía/discapacidade emitido pola autoridade competente ou ben mediante a presen de documentación acreditativa do recoñecemento da prestación por incapacidade.*

*2.-A condición de maior de 45 anos ou muller acreditarase mediante a presentación do DN*

*3.-A condición de parado de longa duración acreditarase mediante a vida laboral ou ce ción expedida polo Servizo Público de Emprego de Galicia.*

*4.-A condición de vítima de violencia de xénero acreditarase mediante a seguinte docume n:*

*a)Certificación de existencia de orde de protección ou medida cautelar existente e vixente*

*b)Sentenza condenatoria.*

*c)Informe do Ministerio Fiscal acreditativo da existencia de indicios de violencia, auto de tura de xuízo oral ou documento xudicial no que conste a existencia de ditos indicios.*

*d)Informe de Servizos Sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou lo que se recolla dita condición e a data en que se produciu o cesamento de convivencia.*

*e)Informe dos servizos de acollida da Administración Pública autonómica ou local en que colla dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.*

*Coa presentación da documentación para tomar parte no proceso selectivo entenderase s/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.*

*NOVENA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

*Expedido o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará Resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos.*

*DECIMA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR*

*Os membros do Tribunal Cualificador e suplentes serán designados pola Sra. Alcaldesa – Presidenta mediante resolución.*

*O tribunal estará integrado polos seguintes membros:*

*Presidente: Un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo dunha Administración Pública designado pola Alcaldía, con voz e voto.*

*Secretario/a: Un/ha Secretario/a ou funcionario/a dunha Administración Pública designado pola Alcaldía que o substitúa, con voz e voto.*

*Tres Vogais: Tres técnicos ou expertos designados pola Alcaldía, con voz e voto.*

*O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe a Sra. Alcaldesa, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros titulares ou suplentes e sempre a do Presidente e o Secretario.*

*Os membros do Tribunal, posuirán titulación ou especialización de grao igual ou superior ao esixido para acceder ao posto.*

*Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 30/1992 de 26 de novembro.*

*Os acordos serán adoptados pola maioría dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.*

*Cada tribunal poderá dispoñela incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, limitándose os asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, en base ás que, exclusivamente, colaborarán co órgano de selección. O tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.*

*Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ao Presidente cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no art. 28 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no art. 29 da Lei 30/1992.*

*UNDECIMA.—SISTEMA DE SELECCION E CUALIFICACION: CONCURSO - OPOSICIÓN*

*A selección realizarase mediante o sistema de concurso-oposición, consistindo a primeira fase no concurso e na valoración de situacións que dificultan o acceso ao mercado laboral e a segunda fase na oposición que consistirá nunha ou varias probas determinadas polo tribunal cualificador.*

***11.A.-CONCURSO DE MÉRITOS**:*

*Esta fase será previa á de oposición e non tendo carácter eliminatorio, os puntos obtidos [illegible]sma non poderán terse en conta para superar a fase de oposición.Puntuación máxima nesta fase: 20 pu[illegible]*

***1.- Pertenza a colectivos con dificultades de inserción laboral: Ata un máx[illegible]e 7 puntos.***

*(O presente apartado de baremación específica incorpórase de acordo co disposto no p[illegible]5 do Artigo 14 de requisitos e criterios para a selección dos traballadores e das traballadoras da Orde[illegible]l de Decembro de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o f[illegible]o do emprego no medio rural (APROL Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do [illegible]018, publicada no D.O.G. núm. 26 do martes 6 de Febreiro do 2018.*

*a)Mulleres:1 punto.*

*b)Mulleres que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero 1 puntos.*

*c)Menores de 30 anos:1 punto.*

*d)Menores de 30 anos demandantes do primeiro emprego ou sen cualificación profesional[illegible]to.*

*e)Persoa desempregada maior de 45 anos:1 punto.*

*f)Persoa con discapacidade: 1 punto.*

*g)Persoa parada de longa duración:1 punto*

*(Máis de 12 meses inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia ininterrompidament[illegible]ndo a vida laboral ou certificación emitida polo propio Servizo Público de Emprego de Galicia).*

*h)Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo [illegible]rsoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, o/a parella de feito, fillos e fillas menores [illegible]te e*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

*seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento:1 punto.*

***1.1.- Protección de desemprego: Ata un máximo de 2 punto.***

***a)****Perceptores de desemprego: 1 punto.*

*b)Perceptores de subsidios, RAI, PREPARA, ACTIVA: 1,5 puntos.*

*c)Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito: 2 puntos*

***1.2- Pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social. Ata un máximo de 2 puntos.***

*(Acreditado mediante certificación dos servizos sociais do concello respectivo ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración, da Consellería de Política Social. A puntuación dos dous apartados non é acumulable).*

*a)Integrante de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social:1punto.*

*b)Persoas beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia:1 punto*

***2.- Cursos de formación, xornadas, seminarios, congresos e conveccións en materias relacionadas coas funcións do posto ao que se opta: Ata un máximo de 4 puntos.***

*a) Por cada curso de ata 30 horas: 0,20 puntos.*

*b) Por cada curso de 31 a 99 horas lectivas: 0,30 puntos.*

*c) Por cada curso de 100 a 199 horas lectivas: 0,50 puntos.*

*e) Por cada curso de 200 ou máis horas lectivas: 0,75 puntos.*

*Os méritos alegados neste apartado acreditaranse mediante a presentación do orixinal ou copia do título ou certificado de realización de cada curso, no que deberá constar expresamente o número de horas do curso e un resumo das materias impartidas.*

*As publicacións, proxectos, másters propios, seminarios, etc. relacionados coas funcións do posto de traballo valoraranse en función do seu contido e da relación co posto de relevancia para a praza en cuestión.*

***3.- Experiencia profesional: Ata un máximo de 5 puntos.***

*Valorarase a experiencia profesional segundo os seguintes criterios ata un máximo de 5 puntos.*

*No suposto de relacións laborais ou de servizo de carácter parcial, o cómputo do tempo a concreta relación laboral será a que apareza sinalada no Informe de Vida Laboral.*

*-Por cada mes completo de servizos prestados nunha praza/posto/emprego igual ou similar ao que se convoca, ou realizar as funcións deste: 0,10 puntos ata un máximo de 5 puntos.*

*Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes.*

*Os meses consideraranse de 30 días naturais, contados dende o inicio de cada contrato súa data de finalización.*

***11.B)FASE DE OPOSICIÓN****:*

*A fase de oposición consistirá na realización de 3 exercicios obrigatorios para os aspirantes.*

*Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición q non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribu*

*En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acredit súa personalidade.*

*Os candidatos deberán acudir provistos de DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou de conducir.*

***Puntuación máxima nesta fase: 15 puntos.***

*Os exercicios da oposición serán os seguintes:*

***I.-PROBA TEÓRICA***

*Consistirá na realización dun exame de 10 preguntas tipo test cunha única resposta vá obre actividades propias do cargo a desempeñar. Esta proba valorarase a razón de 0,5 puntos por cad osta correcta, podendo obter unha puntuación máxima de* ***5 puntos****.*

*TEMARIO:*

*1.- A Constitución Española de 1978: principios xerais, estrutura e contido.*

*2.- O municipio: concepto, elementos e competencias.*

*3.- Utilización de materiais e maquinaria empregados nos postos convocados.*

*4.- Emprego de ferramentas e enseres empregados nos postos convocados.*

*5.- Principais núcleos urbanos do Concello de Lourenzá e vías de comunicación.*

*6.- Disposicións mínimas de sinalización de seguridade e de saúde no traballo.*

*7.- Incendios forestais: tipos de incendios forestais, comportamento do lume, actuacións de prevención, métodos e medios de extinción.*

***II.-PROBA PRÁCTICA***

*Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas tarefas a desempeñar en cada praza ou posto convocado exposta polo tribunal cualificador e coa duración que este órgano de selección determine con carácter previo ao seu inicio.*

*Corresponderalle ao Tribunal determinar o nivel mínimo de coñecementos esixido para a superación desta proba.*

*O tribunal poderá realizar as preguntas e aclaracións que considere necesarias sobre a materia obxecto da proba.*

*Esta proba valorarase cunha puntuación máxima de 5 puntos.*

*FASE DE ENTREVISTA*

*A entrevista persoal, versará sobre o recoñecemento das aptitudes ou habilidades persoais para o desempeño do posto de traballo. Realizarase no lugar e data sinalada na convocatoria, e a súa realización terá lugar por chamamento por orde alfabético de nome e apelido dos aspirantes.*

*Esta entrevista valorarase cunha puntuación máxima de 5 puntos.*

*DUODÉCIMA.— LUGAR, DATA E CELEBRACIÓN DAS PROBAS*

*Determinarase por Resolución da Alcaldía e farase público no mesmo anuncio que o nomeamento do Tribunal Cualificador.*

*DÉCIMO TERCEIRA.— CUALIFICACIÓN FINAL*

*Rematado o proceso selectivo, o Tribunal levantará acta coa relación da puntuación obtida por cada aspirante, dando conta da mesma á Alcaldía, que declarará seleccionadas a un total de persoas que nunca superará o total de postos ofertados, publicándose dita puntuación e resultado de selección no taboleiro de anuncios do Concello.*

*A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso-oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados. En caso de empate na puntuación final, o desempate resolverase a favor do/da aspirante que obtivese maior puntuación na fase de concurso. De persistir, o empate resolverase a favor daquel/a aspirante que obtivese maior puntuación na fase de oposición.*

*O Tribunal aprobará e proporá para a contratación aos candidatos que máis puntuación obtivesen do máximo posible, non podendo declarar que superou a selección un número de aspirantes superior a [illegible]mero de postos convocados.*

*Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, poderán ser contratados no caso [illegible] o/a seleccionado/a non asine o contrato no prazo que se lle sinale ou ben renuncie ao posto.*

*Confeccionarase unha listaxe de reservas para cubrir as posibles baixas xurdidas durante [illegible]íodo de contratación*

*DÉCIMO CUARTA.—FORMALIZACIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO*

*Rematado o proceso selectivo as persoas que acaden as maiores puntuacións en cada post[illegible] convocado serán propostas polo tribunal para a formalización da relación laboral co Concello.*

*Os/As aspirantes propostos/-as presentarán na Secretaría do Concello, o día hábil segui[illegible] da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:*

*a) Copia do DNI.*

*b) Copia da Tarxeta Sanitaria.*

*c) Certificado do número de conta bancaria.*

*No caso de que a persoa seleccionada non reunise os requisitos necesarios para a contra[illegible]n ou renunciase á mesma, poderá ser substituída pola seguinte da relación do proceso selectivo, situ[illegible] que sucederá igual no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermi[illegible] etc., utilizando para iso a modalidade de contratación laboral.*

*DÉCIMO QUINTA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO*

*Presentada a documentación sinalada no apartado anterior o Presidente da Corporaci[illegible]á o nomeamento e formalizará o contrato a favor das persoas propostas polo Tribunal no prazo máxi[illegible] dez días a contar dende a data en que remate o prazo de presentación dos documentos citados na base [illegible]ior.*

*Ata que non se formalice o contrato, o/a aspirante proposto/a non terá dereito a percibir [illegible]lade*

*económica algunha.*

*DÉCIMO SEXTA.—DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.*

*O Tribunal queda facultado para interpretar as Bases da Convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.*

*A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do tribunal poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, en concordancia coa Lei de Xurisdición Contencioso-Administrativa.*

*No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.*

*DÉCIMO SÉTIMA. RECURSOS*

*Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación ou recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.*

*En Lourenzá, a 20 de Maio de 2018.A Alcaldesa. Rocío López García. Documento asinado electrónicamente.*

SEGUNDO.- Facultar a Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

**ALTA SAF DEPENDENCIA DE Dª. ILDA RON MOSCOSO DENDE O MES DE MAIO.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a comunicación da Traballadora Social do Concello relativa ao alta no Servizo de Axuda no Fogar de Dª. ILDA RON MOSCOSO con DNI. núm. 33.693.658S, con domicilio en O Castro, 2 da Parroquia de Santa María deste termo, a Xunta de Goberno, á vista do informe emitido pola Traballadora Social, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Darse por enterada do alta no servizo de "Axuda no Fogar", a través do sistema de dependencia a Dª. ILDA RON MOSCOSO de 45 horas ao mes quedando exenta de pago por dito servizo. _

**Expediente 311/2018. CAMBIO TITULARIDADE RECOLLIDA DE LIXO Dª Mª JESUS DÍAZ FERNÁNDEZ.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista solicitude núm. 792/18 subscrita por Dª. Mª JESUS DÍAZ FERNÁNDEZ

con N.I.F. núm. 76.582.756R, con domicilio en Combre núm 6 da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal na que solicita o cambio de titular no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Combre núm, 6, da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, que antes figuraba a nome de D. Benito Carril Vilaro para que agora figure a nome de Dª. Mª JESUS DÍAZ FERNÁNDEZ (no padrón de lixo figura en Combre núm. 17, sendo o número correcto 6).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do segundo trimestre de 2018.

**Expediente 272/2018. BAIXA EN RECOLLIDA DE LIXO, D. BALBINO PEREZ SANTE EN O CASTRO, 13.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Este expediente quedou sobre a mesa para completar o informe da Arquitecta Municipal.

**Expediente 352/2018.ANULACIÓN RECIBOS RECOLLIDA DE LIXO D. JOSE LUIS GARCÍA ESCALANTE**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista solicitude nº 884 de 10/05/18, subscrita por D. JOSE LUIS GARCÍA ESCALANTE, con D.N.I. nº 13.750.212F, con domicilio en Campo da Feira, 18-20, 1º C da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, na que insta a anulación dos recibos do 2º, 3º e 4º trimestre de 2017 e 1º trimestre de 2018 de recollida de residuos sólidos urbanos, en Campo da Feira, 18-20, 1º C, Santa María, por carecer dos servizos de abastecemento de auga e subministro eléctrico ata o mes de maio de 2018 que foron solicitadas as altas en ditos subministros.

Por unanimidade e en votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a anulación dos recibos do 2º, 3º e 4º trimestre de 2017 e 1º trimestre de 2018 de recollida de residuos sólidos urbanos, en Campo da Feira, 18-20, 1º C, Santa María, por carecer dos servizos de abastecemento de auga e subministro eléctrico ata o mes de maio 2018.

**Expediente 321/2018. SOLICITUDE TARXETA ESTACIONAMENTO MINUSVÁLIDOS Dª Mª ESTRELLA ALVAREZ RICO.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a solicitude formulada por Dª Mª ESTRELLA ALVAREZ RICO con DNI. nº



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

33.813.440J, veciña de Rosalía de Castro, núm. 11 da Parroquia de Santa María deste termo, na que insta a tarxeta de estacionamento para minusválidos e presenta copia da tarxeta do grao de discapacidade.

Visto o artigo 14 da Lei 8/97 de 20 de agosto de Accesibilidade e Supresión de Barreiras no que se establece que nos aparcamentos que dan servicio aos edificios de uso público regulamentariamente establecerase o mínimo de prazas que deberán ser reservadas, debidamente sinalizadas, para o seu uso por persoas con mobilidade reducida, así como o seu emprazamento e accesos, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes ACORDA:

Conceder a tarxeta de estacionamento para minusválidos a Dª. Mª ESTRELLA ALVAREZ RICO con DNI. nº 33.813.440J por cumprir os requisitos esixidos no artigo 14 da Lei 8/97 de 20 de agosto de Accesibilidade e Supresión de Barreiras.

**Expediente 310/2018. SOLICITUDE DE COLABORACIÓN ASOCIACIÓN "ABRINDO CAMIÑO".**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto escrito de data 26/04/18 de D. J. Luís Fernandez Ansedes con D.N.I. núm. 33.823.961T en representación da Asociación "ABRINDO CAMIÑO" de Amigos do Camiño Norte de Santiago que tivo entrada neste Concello o 27/04/18 con núm. de rexistro de entrada 779, quen solicita colaboración para a celebración das XI Xornadas "Abrindo Camiño" 2018, os días 6, 7 e 8 de xullo de 2018, consistente en axuda económica ou patrocinio dalgunha actividade, participación dun representante do Concello na xornada inaugural, permiso para incluír nos carteis e programas o anagrama de colaboración do Concello e a utilización do Salón de Actos do Concello o día 7 de xullo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO: Acceder a todo o solicitado.

SEGUNDO: Colaborar economicamente co abono dos transporte e cartelería na parte proporcional cos outros Concellos que colaboran na celebración das Xornadas.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo a Asocación "Abrindo Camiño" para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**Expediente 316/2018. DEVOLUCIÓN GARANTÍA BELFOGA S.L. S. LIÑAS ELECTRICAS AP RÚA STRIO. LUIS IGLESIAS**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Á vista do expediente instruído a instancia de D. Juan Manuel López Fortúnez con D.N.I. nº 76.563.323A en representación de BELFOGA S.L. con CIF. B27204510 para a devolución da garantía definitiva depositada para a execución da obra "SOTERRAMENTO DE LIÑAS ELÉCTRICAS DO ALUMEADO PÚBLICO NA RÚA

SECRETARIA LUIS IGLESIAS, CONCELLO DE LOURENZA" constituída mediante aval bancario do Banco Pastor por importe de mil cincocentos vinte e catro euros con vinte e dous céntimos (1.524,22).

Unha vez visto o informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de data 16/05/18 e en sentido favorable, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

Aprobar a devolución de dita garantía á empresa adxudicataria Belfoga S.L.

**Expediente 1032/2017. RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDIA PAGO SUBVENCIÓN DEPORTES 2017**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDÓU ratificar a Resolución da Alcaldía de data 10/05/2018 que se transcribe:

"Dª ROCIO LOPEZ GARCIA, Alcaldesa Presidente do Concello de Lourenza.

Visto que con data 16 de febreiro de 2018, reuniuse a Comisión de Valoración para a avaliación de solicitudes presentadas ó abeiro das bases para a concesión de subvencións destinadas a Entidades e Clubs deportivos do Concello de Lourenzá, para a realización de actividades deportivas na anualidade de 2017, propoñendo a concesión das seguintes subvencións:

1.- Club Atletismo Lourenzá: 500 euros.

2.- Ás Escolas Deportivas de Lourenzá: 5.000 euros.

3.- A Asociación de Senderismo "Terras de Lourenzá": 500 euros.

Visto que pola Xunta de Goberno Local de data 23 de febreiro de 2018, acordouse conceder ás subvención propostas pola Comisión de Valoración.

Visto que con data 2 de marzo de 2018, notificouse ós Presidentes do Club Atletismo Lourenzá, as Escolas Deportivas de Lourenzá e Asociación "Terras da Mariña" o acordo da Xunta de Goberno Local, así como o prazo para a presentación da documentación xustificativa da axuda económica concedida o cal finalizaba o 31 de marzo de 2018.

Visto que a citada documentación foi presentada neste Concello dentro do prazo establecido e que ao Club Atletismo Lourenzá notificouselle a falta de documentación o 16/04/18, dándolle un prazo de dez días para a presentación da mesma, a cal foi entregada neste Concello o día 27/04/18.

Esta Alcaldía en virtude das atribucións que lle veñen conferidas pola lexislación vixente,

VEN EN RESOLVER:

1º.- O abono das subvención concedidas ó abeiro das bases para a concesión de subvencións destinadas a Entidades e Clubs deportivos do Concello de Lourenzá, para a realización de actividades deportivas na

anualidade de 2017 e que son as seguintes:
Club Atletismo Lourenzá: 500 euros.
Escolas Deportivas de Lourenzá: 5.000 euros.
Asociación de Senderismo "Terras de Lourenzá": 500 euros.
2º.- A ratificación da presente Resolución pola Xunta de Goberno Local na primeira sesión que esta celebre.
E para que conste asino a presente en data que figura a marxe."

| **Expediente 561/2017. CONSORCIO CENTRO DÍA: APROBACIÓN FACTURA 1º SEMESTRE 2018.** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Visto o escrito núm.207159 de 19/04/2018,, rexistrado de entrada co núm. 793 de 02/05/18, achegado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e no que se comunica o importe correspondente a PRIMEIRA LIQUIDACIÓN SEMESTRAL/2018 do Centro de Día, con núm. 53/2018, xestionado a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, en réxime de cofinaciamento e segundo o cal ao Concello de Lourenzá corresponderíalle ingresar por dito período a cantidade de CINCO MIL (5.000,00.-) EUROS, ( 4 prazas a 1.250,00 €/praza) de conformidade co disposto no artigo 69 e Anexo I da *Lei 2/2017 de 8 de febreiro (DOG. Núm. 28 de 09/02/17) de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.*

As catro prazas corresponderían ós usuarios empadroados no concello onde se localiza o Centro de Día, tendo en conta a media de usuarios durante o ano natural inmediatamente anterior á data de liquidación. A cantidade de 1.250,00 Euros, correspondería coa metade da contía anual.

A Xunta de Goberno Local, á vista da liquidación practicada polo Consorcio Galego, en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros presentes na sesión, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a Liquidación núm. 53/2018 correspondente ó cofinanciamento do PRIMEIRO TRIMESTRE 2018 do Centro de Día do Concello de Lourenzá por importe de CINCO MIL (5.000,00.) EUROS.

Segundo.- Achegar certificación do presente acordo ós servizos de Tesourería para que se proceda ó pago do mesmo así como ó Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar co correspondente xustificante do pago para o seu coñecemento e efectos oportunos .

| **FACTURAS E CERTIFICACIÓNS DE OBRA.** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** |


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

| | Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

A Xunta de Goberno Local, en virtude das atribucións que lle foron conferidas pola Alcaldía mediante Resolución de data 09/06/2015, prestou aprobación por unanimidade dos presentes, ás FACTURAS que se relacionan a continuación:

| NOME E NIF. ACREDOR | NÚM. FACTURA E DATA | CONCEPTO | IMPORTE (IVE incluído) |
|---|---|---|---|
| LIBRERÍA JOSGUA,C.B. CIF. E-27300680 | Núm. 19-18 de 31/03/2018 | Material Día da Muller | 6,90 |
| LIBRERÍA JOSGUA,C.B. CIF. E-27300680 | Núm. 18-18 de 06/03/2018 | Material P.A.I. Meniñosn | 14,10 |
| MORRIGAN, CAFETERÍA VICTOR M. PENEDO DÍAZ NIF. 33346887-S | Núm. 240 de 06/03/18 | Xornadas Historia Local subministros | 48,90 |
| MORRIGAN, CAFETERÍA VICTOR M. PENEDO DÍAZ NIF. 33346887-S | Núm. 241 de 01/05/18 | Festa do Maio ( pinchos) | 80,00 |
| XUVENCA Mª CECILIA FDEZ. NOGUEIRA NIF. 77592269K | Núm.0010 de 31/03/18 | Material para xardíns | 102,64 |
| XUVENCA Mª CECILIA FDEZ. NOGUEIRA NIF. 77592269K | Núm.0011 de 31/03/18 | Material para xardíns | 169,80 |
| RESTAURANTE " O PIPOTE" BIRUXES, S.L. CIF. B-27160688 | Núm. 25/04 de 25 de abril de 2018 | Pinchos día II Xornadas Historia Local (03/03/2018) | 108,00 |
| INSTALACIONES VENTOSO RODRIGO RODRÍGUEZ RAMOS NIF 34881215J | Núm. 10317 DE 03/04/18 | Substitución punto de luz en Santo Adrao | 2.163,95 |
| SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE CIF. B27333160 | S.S.PT.18/1/00104 de 30/04/18 | Servizo Dependencia -Axuda no Fogar/Abril. 2018 (fins de semana – festivos)(106,50 horas) | 1.337,37 |
| SERVICIOS. SOCIAIS SAN ROQUE CIF. B27333160 | S.S.PT.17/1/00105 de 30/04/18 | Servizo "Axuda no Fogar",Abril/18 (Incidencias Dependencia e vacacións)/160,75 horas | 1.925,79 |
| SERVICIOS . SOCIAIS SAN ROQUE CIF. B27333160 | S.S.PT.17/1/00106 de 30/04/18 | Servizo "Axuda no Fogar" Abril /18(Incidencias e | 114,03 |


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | Vacacións L. Concorrencia)/9 horas. | |
| MARCOS MASEDA FREIRE NIF. 76582754E | Núm. 00000000034 de 27/04/2018 | Toner (2 uds.) apra impresora Deportes | 48,40 |
| NORPREVENCIÓN S.L. CIF. B-27222827 | Núm. 9866 de 30/04/2018 | Concerto Actividade Preventiva y cuota fixa vixiancia saúde. | 1.192,90 |
| UTRAMIC CIF. B15356553 | Núm. 180383 DE 31/03/2018 | Xestión e tratamento residuos voluminosos | 299,20 |
| NOCEDA ASESORES, S.L. CIF. B-27174085 | Núm. 1376/18 de 01/05/18 | Mes de Abril/2018 | 689,70 |
| CANON SISTEM. DE OFIC. LUGO,S.A. CIF. A27142462 | Núm. 1802258 de 30/04/18 | Copias Oficinas Municipais Mod.C52351IR ( 26/03/18 a 26/04/18) | 266,48 |
| CANON SISTEM. DE OFIC. LUGO,S.A. CIF. A27142462 | Núm. 1802259 de 30/04/18 | Copias Biblioteca Mod.MF8540CDN LASER COLOR ( 28-/02/18 a 27-04-2018) | 39,71 |
| CANON SISTEM. DE OFIC. LUGO,S.A. CIF. A27142462 | Núm. 1802259 de 30/04/18 | Copias Torreón C.S.Sociais Mod.MF8550CDN LASER COLOR ( 28/02/18 a 30-04-2018) | 59,29 |
| LUKUS MARKET, S.L. UNIPERS. CIF. B15735616 | Núm. TQ2760017 de 21/04/18 | Material Limpeza CEIP Juan Rey | 29,88 |
| LUKUS MARKET, S.L. UNIPERS. CIF. B15735616 | Núm. TQ2760018 de 21/04/18 | Material Limpeza rúas | 11,40 |
| LUKUS MARKET, S.L. UNIPERS. CIF. B15735616 | Núm. TQ2760019 de 21/04/18 | Material Limpeza Biblioteca | 10,30 |
| LUKUS MARKET, S.L. UNIPERS. CIF. B15735616 | Núm. TQ2760020 de 21/04/18 | Material Limpeza Concello | 17,93 |
| LUKUS MARKET, S.L. UNIPERS. CIF. B15735616 | Núm. TQ2760021 de 21/04/18 | Material Limpeza Albergue | 15,42 |
| LUKUS MARKET, S.L. UNIPERS. | Núm. TQ2760022 de | Material Limpeza Campo Fútbol | 40,37 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| CIF. B15735616 | 21/04/18 | | |
| LUKUS MARKET, S.L. UNIPERS. CIF. B15735616 | Núm. TQ2760023 de 21/04/18 | Material Limpeza Centro Médico | 7,80 |
| LUKUS MARKET, S.L. UNIPERS. CIF. B15735616 | Núm. TQ2760024 de 21/04/18 | Material Limpeza Concello | 1,58 |
| LUKUS MARKET, S.L. UNIPERS. CIF. B15735616 | Núm. TQ2760025 de 21/04/18 | Material Limpeza Albergue | 3,75 |
| LUKUS MARKET, S.L. UNIPERS. CIF. B15735616 | Núm. TQ2760026 de 21/04/18 | Material Festival Osorio Gütiérrez | 145,71 |
| OTERO TRANSFORM. MADERERA CIF. A-27009877 | Núm. 100003187 de 27/04/2018 | Material para traballos carpintería | 446,78 |
| BLINKER ESPAÑA S.A.U. CIF. ESA-03813474 | Núm. 18NA041209 de 19/04/2018 | Material para servizos (bridas) | 84,59 |
| AGARIMO ESTANCO DE LOURENZÁ JUAN A. RDGUEZ. VILLAMEL NIF. 77594955-Q | Núm. FC-01-0000506 de 25/04/2018 | Trofeos xuntanza clásicos Tovar | 64,00 |
| TALLERES PIÑEIRO LEITON, SL NIF. B-27186659 | Núm. A/15 de 25/04/2018 | Material para marquesiñas | 75,79 |
| SOCIEDAD GENERAL AUTORES Y EDITORES CIF ESG-28029463 | Núm. 1180292972 de 04/05/2018 | Dereitos autor Concerto Luis Vallecillo o día 01/05/2018. | 92,57 |
| LUIS VALLECILLO CELTIA FIGUEIRAS RAMA CIF A-44849221 | Núm. 12/2018/C de 01/05/2018 | Actuación Luis Vallecillo o día 01/05/18 | 645,00 |
| JESÚS LOMBARDÍA TORRES NIF. 33309643-P | Núm. 7/2018 de 30/04/2018 | Regalo institutucional para 25ª Festa Pescadores Masma | 64,00 |
| ALUMINIOS SECO,S L. CIF. B-27152727 | Núm. 226 de 20/04/18 | Chapa aluminio para P.A.I. | 234,44 |
| REAL CASA MONEDA FÁBRICA NAC. MONEDA E TIMBRE CIF. ESQ2826004J | Núm.9180271164 de 24/04/18 | Certificado Representante Persoa Xurídica: Tesourería. | 16,94 |
| REAL CASA MONEDA FÁBRICA NAC. MONEDA E TIMBRE CIF. ESQ2826004J | Núm.9180271161 de 24/04/18 | Certificado Representante Persoa Xurídica: Secretaría. | 16,94 |
| SOILAR, GESTIÓN Y SERVICIOS MUSICALES,S.L. | Núm. A/74 de 02/1052018 | Clases de Música mes Maio/18 | 885,00 |



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

| | | | |
|---|---|---|---|
| CIF. B-70418090 | | | |
| EDICIÓNS XERAIS GALICIA,S.A. CIF. ESA36617496 | Núm. 18F000052 de 10/05/2018 | Adquisición de 22 Libros para a Biblioteca | 313,56 |
| HÉRCULES DE EDICIONES, S.L. CIF. B-15078892 | Núm. 1042 de 11/05/2018 | Adquisición de 8 Libros para a Biblioteca | 108,00 |
| Mª.BEGOÑA OURAL CASTRO NIF.33993080T | Núm. M/04 de 14/04/2018 | Funda Traballador Xardíns | 30,00 |
| Mª.BEGOÑA OURAL CASTRO NIF.33993080T | Núm. M/05 de 27/04/2018 | Pantalón Funda Traballador Xardíns | 17,00 |
| Mª.BEGOÑA OURAL CASTRO NIF.33993080T | Núm. M/06 de 27/04/2018 | Pantalóns Fundas Traballadores Limpeza rúas | 17,00 |
| E.S. GALP LOURENZA CIF. B79083796 | Núm. 8801088239 de 30/04/18 | Gasóleo vehículos varios Abril | 539,74 |
| GRUPO NELI LOURENZÁ S.L.U. CIF. B-27269414 | Núm. 44/18 de 05/05/2018 | Pinchos para colaboradores Festa do Maio/18 | 28,38 |
| XARDINAGRO, S.L. CIF. B-27169515 | Núm. 80489 de 04/05/2018 | Material para Obradoiro | 12,30 |
| CONSTRUDECO NORTE, S.L. CIF. B-27193762 | Núm. 5001 de 05/05/2018 | Material para Mercado Comarcal Gandeiro | 358,81 |
| SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A.U. CIF. A-15117609 | Núm. 271218FC0003204 de 10/05/2018 | Revisión ITV vehículo IVECO, Matrícula 0534DLK | 59,66 |
| KALANDRAKA CIF. B-36302024 | Núm. 001/001349 de 07/05/2018 | 14 Adquisicións bibliográficas para a Biblioteca | 174,00 |
| EXTINTORES IGLESIAS, S.L. CIF. B-27160852 | Núm.1322 de 10/05/2018E | Extintor para recinto da Feira | 12,10 |
| EXTINTORES IGLESIAS, S.L. CIF. B-27160852 | Núm.1323de 10/05/2018E | Extintores (2), Armarios (2) y sinal para o Colexio C.E.I.P. Juan Rey | 148,83 |
| CABALEIROS XARDÍN,S .L. CIF.B-27248111 | Núm. B15/2018 de 30/04/2018 | Prantas para o P.A.I. Meniños | 103,39 |
| Mª.BEGOÑA OURAL CASTRO NIF.33993080T | Núm. de 14/12/2017 | Guantes (80) nitrilo Servizos Sociais | 472,00 |
| ATISAE S.A.U. CIF. A-28161396 | Núm. 6460079907 de 09/05/2018 | Inspección ascensores Colexio CEIP Juan Rey 2º trimestre 2018 | 88,67 |



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

| | | | |
|---|---|---|---|
| LIBRERÍA JOSGUA,C.B.<br>CIF. E-27300680 | Núm. A2/2018 de 21/05/2018 | Adquisición (74) libros Biblioeteca | 1.209,25 |
| EDITORIAL GALAXIA, S.A.<br>CIF. A-36603314 | Núm. -FF1801119 de 22/05/2018 | Adquisición (17) libros Biblioeca | 277,92 |
| WURTH ESPAÑA, S.A.<br>CIF. A-08472276 | Núm. 690336 de 11/05/2018 | Material servizos varios | 209,04 |
| SUMINISTROS O CANDADO, S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 24018 de 30/04/2018 | Material Polideportivo | 66,55 |
| SUMINISTROS O CANDADO, S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 24118 de 30/04/2018 | Material Servizos Varios | 152,08 |
| SUMINISTROS O CANDADO, S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 24218 de 30/04/2018 | Material Albergue | 12,11 |
| SUMINISTROS O CANDADO, S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 24318 de 30/04/2018 | Material P.A.I. “Meniños” | 22,70 |
| SUMINISTROS O CANDADO, S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 24418 de 30/04/2018 | Material CEIP “Juan Rey” | 146,97 |
| SUMINISTROS O CANDADO, S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 24518 de 30/04/2018 | Material Marquesiñas | 336,57 |
| SUMINISTROS O CANDADO, S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 24618 de 30/04/2018 | Material Obradoiro | 146,35 |
| SUMINISTROS O CANDADO, S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 24718 de 30/04/2018 | Material Almacén | 35,24 |
| SUMINISTROS O CANDADO, S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 24818 de 30/04/2018 | Material E.P.I. operacio prácticas xardiñería | 200,36 |
| SUMINISTROS O CANDADO, S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 24918 de 30/04/2018 | Material Mercado Gandeiro | 68,40 |
| DIELECTRO INDUSTRIAL<br>CIF. A15007750 | Núm. 44341 de 15/05/2018 | Material alumbrado | 881,34 |
| RAMÓN IGLESIAS VENTURA<br>NIF. 77593981P | Marzo 2018 | Desprazamentos varios: 39 Km/0,19 | 7,41 |
| RAMÓN IGLESIAS VENTURA<br>NIF. 77593981P | Abril 2018 | Desprazamentos varios: 116 km/0,19 | 22,04 |
| KARINA IRIMIA GACIO<br>NIF76579806H | 04/05/2018 | Asistencia Curso “ A Lei Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas” a Estrada o día 20/04/2018 | 85,92 |


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

| | | | |
|---|---|---|---|
| OLGA KARAGEORGIAN BLANCO<br>NIF. 76565760W | Abril 2018 | Desprazamentos Ax. Domicilio 491Km. | 93,29 |
| Mª ELITA BRAÑA GARCÍA<br>NIF. 33832086Y | Abril 2018 | Desprazamentos Ax. Domicilio 415Km. | 78,85 |
| EULALIA GONCALVES ARAUJO. NIF.X1166446R | Abril 2018 | Desprazamentos Ax. Domicilio 644 Km. | 122,36 |
| LOURDES ÁLVAREZ ARIAS<br>NIF. 33859842R | Abril 2018 | Desprazamentos Ax. Domicilio 812 Km. | 154,28 |
| FRANCISCA REGO LÓPEZ<br>NIF. 33307097S | Abril 2018 | Desprazamentos Ax. Domicilio 1.422 Km. | 270,18 |
| MARÍA JESÚS BOUSO BARCIA<br>NIF. 33348237P | Abril 2018 | Desprazamentos Ax. Domicilio 557 km. | 105,83 |
| Mª DOLORES PENDÁS ESTRADA<br>NIF. 11413172C | Abril 2018 | Desprazamentos Ax.Domicilio 649 km. | 123,31 |
| MARÍA TEIJO FERNÁNDEZ<br>NIF. 77594257P | Abril 2018 | Desprazamentos Ax. Domicilio 408 km. | 77,52 |
| TOTAL | | | 18.966,66 |

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506